

INFORME DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA SOBRE O PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE APROBA O PLAN XERAL DE EXPLOTACIÓN MARISQUEIRA PARA O TRIENIO 2024-2026

Visto o "Proxecto de orde pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2024-2026", en cumprimento do disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, esta Secretaría Xeral Técnica emite o seguinte

INFORME:

I. FUNDAMENTACIÓN CONSTITUCIONAL, ESTATUTARIA E LEGAL

O artigo 148.1.11 establece que as Comunidades Autónomas poderán asumir competencias en "materia de pesca en augas interiores, marisqueo e acuicultura". Por outra parte, o artigo 149.1.19 outorga ao Estado a competencia exclusiva sobre "a pesca marítima, sen prexuízo das competencias que na ordenación do sector se atribúan ás Comunidades Autónomas".

Sobre a base de tal fundamento constitucional, o Estatuto de Autonomía para Galicia establece que corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva sobre "a pesca nas rías e demais augas interiores, o marisqueo e a acuicultura" (artigo 27.15), e sobre "as confrarías de pescadores" (artigo 27.29); así como o desenvolvemento legislativo e a execución da lexislación do Estado da materia "ordenación do sector pesqueiro" (artigo 28.5).

Sobre o marisqueo, o Tribunal Constitucional, na sentenza 9/2001, do





18 de xaneiro, delimitou esta materia respecto da de pesca indicando o seguinte:

“El criterio delimitador entre ambas materias, y que habrá de presidir nuestro enjuiciamiento, debemos situarlo en las artes o técnicas que les resulten propias a cada una de ellas. Las artes de pesca marítima permiten la actividad extractiva de especies diversas, entre ellas también de mariscos, mientras que las artes de marisqueo, sin desconocer su evolución, perfeccionamiento e innovación, han de ser específicas para la captura de mariscos y, además, de carácter selectivo, que, por ello, excluyan la de otras especies marinas, pues ya en nuestra STC 56/1989, F.2, llegamos a la conclusión, tras la exégesis realizada, de que <<la pesca es un “genus” y el marisqueo una “species”, por lo demás no diferenciada por el Derecho de la CEE>>” (F.J.9º).

A regulación do marisqueo é competencia exclusiva da Comunidade Autónoma, sen limitación, ademais, ás augas interiores. Na mesma sentenza, o Tribunal sinalou:

“En cuanto al ámbito físico del <<marisqueo>>, el art. 148.1.11 CE y el art. 27.15 EAG lo enuncian junto con la “pesca en aguas interiores”, sin que esta última materia o aquella, la de marisqueo, expresen la restricción de su objeto a las aguas interiores. De los propios enunciados constitucional y estatutario ya hemos extraído la conclusión de que la acuicultura no tiene como referencia necesaria que su ejercicio se desarrolle en las aguas interiores [STC 103/1989, de 8 de junio, FJ 2 y 6 a)], y lo propio cabe declarar ahora en relación con el marisqueo. Es esta una conclusión a la cual conduce, no solo la formulación de la propia materia por la Constitución y el Estatuto de Autonomía, sino también, como hemos visto, la consideración del ámbito físico en el que dicha actividad venía ejerciéndose con anterioridad a la aprobación del texto constitucional” (F.J.9º).

No exercicio destas competencias, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, que regula o marisqueo dentro do seu Título IV. O seu artigo 28 sinala como un dos obxectivos da política da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia nesta materia a regulación das condicións

2

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal



do exercicio do marisqueo, na que destaca pola súa importancia o Plan xeral de explotación marisqueira.

O Plan xeral de explotación marisqueira pódese definir, de conformidade co establecido no artigo 8 do Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas, como "o conxunto de normas e orientacións destinadas a regular e programar a explotación sustentable dos recursos marisqueiros con carácter trianual".

O Plan xeral de explotación, unha vez elaboradas polo sector as propostas dos diferentes plans de xestión de acordo co disposto nos artigos 16 a 19 do citado Decreto, é aprobado mediante orde da Consellería do Mar, segundo establece o número 2 do artigo 8 do Decreto 153/2019, estando integrado polos seguintes epígrafes:

- Plans de xestión para autorizacións marisqueiras, cuxas propostas son elaboradas polas entidades titulares delas.
- Normas de explotación para zonas de libre marisqueo, elaboradas de oficio pola propia Consellería.
- Plans específicos de xestión para zonas de libre marisqueo, cuxas propostas son elaboradas polas entidades de interese colectivo do sector produtor de marisqueo.

Sobre o Plan xeral de explotación, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en sentenza do 11 de marzo de 2022, desestimatoria do recurso contencioso-administrativo interposto pola Administración xeral do Estado contra a Orde de 21 de decembro de 2020, pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2021-2023, indicou:

"Todo este marco legal evidencia que el contenido del PGEM aquí impugnado responde al ejercicio de una competencia exclusiva autonómica, y es el instrumento que sirve al propósito de conseguir los objetivos propios de la política autonómica en la regulación de las condiciones de ejercicio del marisqueo. Un instrumento de

3





planificación que contiene normativa reguladora de esas condiciones de ejercicio no es asimilable, ni en una interpretación extensiva, ni siquiera por analogía, con los supuestos sometidos a informe estatal vinculante con arreglo al art. 112 de la Ley de Costas, y mucho menos una interpretación que pretenda realizar esa asimilación es calificable como teleológica”.

De acordo co sinalado, mediante a presente disposición procédese á aprobación do Plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2024-2026.

II. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

De conformidade coa memoria que acompaña ao proxecto, a súa finalidade é, de acordo cos plans presentados polas diferentes entidades do sector marisqueiro, adoptar medidas para a conservación e xestión dos recursos marisqueiros xerais durante un período de tres anos, de cara a unha explotación sustentable dos mesmos e atendendo a obxectivos biolóxicos, ecolóxicos e socioeconómicos.

Así mesmo, como medida para unha mellor conservación, régulanse tamén os períodos autorizados para a extracción dos diferentes crustáceos, tendo en conta os datos científicos dispoñibles no momento actual, sen prexuízo de que pola dirección xeral competente en materia de marisqueo poida realizar modificacións en función do estado dos recursos.

III. ESTRUTURA E CONTIDO

Respecto a súa estrutura e contido, consta dun preámbulo, no que se resaltan os obxectivos e finalidade perseguidos, e 17 artigos, co seguinte detalle:

Artigo 1. Obxecto.

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal



- Artigo 2. Plans de xestión para autorizacións marisqueiras.
- Artigo 3. Plans específicos de xestión para zonas de libre marisqueo.
- Artigo 4. Normas de explotación para as zonas de libre marisqueo para o trienio ano 2024-2026.
- Artigo 5. Crustáceos.
- Artigo 6. O desenvolvemento dos plans de xestión.
- Artigo 7. Adaptación das medidas de xestión durante o desenvolvemento do plan.
- Artigo 8. Dos plans zonais.
- Artigo 9. Emenda da solicitude dos plans zonais.
- Artigo 10. Resolución.
- Artigo 11. Dos plans de xestión.
- Artigo 12. Emenda da solicitude.
- Artigo 13. Aprobación dos plans de xestión.
- Artigo 14. Presentación de solicitudes.
- Artigo 15. Documentación complementaria.
- Artigo 16. Notificacións.
- Artigo 17. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes.

Séguenlle sete disposicións adicionais. A primeira refírese á actualización dos modelos normalizados; a segunda, aos rastros remolcados; a terceira, á ampliación do número de embarcacións coa modalidade de marisqueo con vara; a cuarta, aos permisos de explotación; a quinta, á prohibición da extracción de mexillón silvestre; a sexta, á suspensión da actividade extractiva de acordo co proxecto de dragaxe ambiental dos sedimentos da ría do Burgo (A Coruña) para asegurar a normal execución do contrato de obras; e a sétima, ás zonas de extracción de poliquetos por titulares de licenza de pesca marítima de recreo en superficie.

Respecto ás disposicións derradeiras, a primeira contempla o lugar de consulta dos plans de xestión; a segunda, a facultade de desenvolvemento do disposto na orde; e a terceira, a súa entrada en vigor.

Por último, o proxecto recolle os cadros que especifican os diferentes plans de xestión e normas de explotación que integran o Plan xeral, así como os anexos referidos a distintos modelos de solicitude.



IV. TRÁMITES REALIZADOS E RESULTADO DOS MESMOS

A elaboración do presente proxecto levouse a cabo pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, centro directivo a quen lle corresponde, entre outras competencias, as relacionadas coa adopción de medidas tendentes á mellora e explotación equilibrada dos recursos naturais no medio mariño, de conformidade co disposto no Decreto 168/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Mar.

Consta no expediente a memoria xustificativa sobre a súa legalidade, acerto e oportunidade; a memoria económico-financieira e o informe do Servizo de Técnico-Xurídico.

Unha vez rematada a fase inicial de elaboración, o texto aprobouse polo conselleiro do Mar como proxecto de orde.

Ao non supoñer custo económico, o proxecto foi informado favorablemente o 19 de decembro de 2023 pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda.

Con data 13 de decembro de 2023, a Secretaría Xeral da Igualdade emite informe sobre impacto de xénero no que realiza una serie de recomendacións para incorporar a perspectiva de xénero e a súa integración na actividade estadística. Indica tamén no informe que o proxecto normativo é correcto co emprego dunha linguaxe non sexista, polo que non fai observacións ao seu contido.

Así mesmo, de conformidade co disposto no artigo 42.7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o proxecto foi informado favorablemente o 12 de decembro de 2023, de xeito conxunto, pola Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.



As entidades asociativas do sector participaron no procedemento de elaboración da presente disposición mediante a presentación de propostas e consultas, polo que considerouse innecesario o trámite de audiencia, tal como permite o artigo 42. 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro. Así, tal como consta na memoria xustificativa, antes do primeiro de novembro, as entidades asociativas do sector presentaron os plans de explotación para as súas autorizacións e tamén para as zonas de libre marisqueo. Houbo requirimentos nos que se lles solicitou documentación que non fora aportada coa solicitude, así como aclaración de aspectos incluídos na solicitude presentada. Houbo tamén consultas ao sector para a elaboración das normas do libre marisqueo e dos períodos autorizados para a captura dos crustáceos, e consultas aos organismos medioambientais no caso de plans no ámbito do Parque Nacional das Illas Atlánticas e de áreas sometidas a algún tipo de figura de protección ambiental. Finalmente, unha vez elaboradas as propostas de plan por parte das xefaturas territoriais da Consellería do Mar, remitíronse aquelas ás entidades titulares dos plans de explotación para que efectuasen observacións no prazo máximo de 3 días.

O proxecto normativo foi obxecto de publicación a través da páxina web do portal de Transparencia e Goberno aberto, de conformidade co disposto no artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Finalmente, o proxecto de orde foi informado favorablemente o 20 de decembro de 2023 pola Asesoría Xurídica ao consideralo conforme ao ordenamento xurídico.

Visto o anterior, de acordo cos principios de boa regulación establecidos polo artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e, en particular, cos de necesidade, proporcionalidade e eficacia, esta norma contén a regulación imprescindible para atender a súa finalidade. Igualmente, en virtude do principio de seguridade xurídica, a norma garda coherencia co resto do ordenamento xurídico e, en cumprimento do principio de transparencia, identifícanse con claridade nela os obxectivos perseguidos.





En consecuencia, tendo en conta os aspectos analizados, o texto proposto reúne os requisitos esixidos na normativa de aplicación examinada anteriormente, polo que esta Secretaría Xeral Técnica informa favorablemente o "Proxecto de orde pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2024-2026".

Santiago de Compostela,
(Asinado dixitalmente)

A secretaria xeral técnica
Silvia Cortiñas Fernández

